



Proxecto Meiga

Préstamo e devolución

1. Accedemos ao programa premendo na icona.



2. Aparece o formulario de acceso.



3. Introducimos os valores

Código usuario: admin

Contrasinal: ADMIN01 (ollo! maiúsculas)

Estes valores son iguais en todos os centros e **NON SE DEBEN CAMBIAR**.

4. Prememos **aceptar**


5. Aparece a pantalla principal do programa. Na parte superior atopamos a botonadura para acceder ás funcións máis frecuentes do programa



6. Prememos o botón do préstamo



7. Accedemos ao formulario




Préstamo


CON lector de código de barras:

Accedemos ao formulario e:

1. Seleccionamos a opción empréstimos
2. Prememos no recadro nº de lector e pasamos o lector polo código de barras do carné de usuari@.
3. Prememos no recadro código de barras e pasamos o lector polo código do libro.




4. Comprobamos que os datos son correctos e prememos aceptar




SEN lector de código de barras:

Accedemos ao formulario e:

1. Seleccionamos a opción empréstitos
2. Introducimos o nº de lector no seu recadro. **PREMEMOS ENTER**
3. Introducimos o nº de rexistro no seu recadro. **PREMEMOS ENTER**



4. Comprobamos que os datos son correctos e prememos aceptar




Devolución

CON lector de código de barras:

Accedemos ao formulario e:

1. Seleccionamos a opción devolucíons
2. Podemos premer no recadro do nº de lector ou no do código de barras.



Se introducimos o **número de lector**, saíranos un listado de todos os libros pendentes de devolución des@ usuari@



Seleccionamos o número de rexistro do libro a devolver e clicamos en ACEPTAR

Se introducimos o **código de barras do libro**, este será o aspecto do formulario



Simplemente temos que premer en aceptar e o libro estará devolto

SEN lector de código de barras:

O proceso é o mesmo, pero tecleando os valores no seu recadro correspondente.

Na parte inferior do formulario, ademais dos botóns de aceptar e pechar, podemos atopar o de **limpar**.



Esta función deixa en branco o formulario (se nos trabucamos, se queremos cambiar de usuari@...)

PERO NON BORRA A BASE DE DATOS

polo tanto, se lle dades por erro e desaparecen os datos ante os vosos ollos, TRANQUIS, nada de infartos.